

novas

ASEMBLEA XERAL 2002

Pasado un ano tiñamos que facer resumo e tirar consideracións das actividades realizadas durante o 2001, con este obxecto e para designar os obxectivos do ano que acaba de comezar convocamos a asemblea xeral ordinaria que tivo lugar o sábado 16 de febreiro de 2002 na aula 1 da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Nela brillou o número de socios/as asistentes, de máis de 80 que xa somos acudiron 14; o que debería provocar unha reflexión sobre a participación activa dos socios/as desta entidade á hora de decidir plans futuros de formación ou actuación ¿ou xa chega con pagar un cota anual? ¿por qué non acudimos a transmitir e facer partícipes a todos das ideas xeniais que a todos nos veñen á cabeza sobre tal ou cal cuestión?

O desenvolvemento da asemblea foi lixeiro xa que entre os/as poucos/as asistentes tamén había présa, así que o presidente comezou polo primeiro punto da orde do día no que fixo unha breve memoria sobre o que se levou a cabo durante o pasado ano: destacouse unha maior participación e presenza da CTNL en foros de debate e círculos que teñen que ver con outras asociacións:

- Subscribimos o acordo pola normativa de concordia segundo apareceu publicado na prensa.
- Presencia nas xornadas de formación do profesorado, nas de ensino,...
- Nos actos de asociacionismo que realizou o Concello de Santiago de Compostela.
- En comisións como a de Cidadanía do Concello de Vigo e no Consello da Cultura.
- Asinamos o manifesto pola sede do Día das Letras no Bierzo.
- A publicación do boletín Novas CTNL.
- A posta en funcionamento (por fin) da páxina web: www.ctnl.org

Tamén se falou da realización efectiva da maior parte da domiciliación das cotas de socio a primeiros deste ano 2002, cunha alta porcentaxe de socios/as que se acolleron a esta modalidade de pagamento (algúns seguen sen actualizalas..) !!

Como segundo punto da orde do día fíxose público o estado de contas da entidade, analizáronse os gastos e ingresos do ano 2001 e o remanente existente a favor para comezar o novo ano, no cal xa ían incluídos os ingresos realizados ata o momento das cotas de socio atrasadas e as actuais deste ano.

En terceiro lugar, propónse unha renovación dos cargos á fronte da xunta directiva, polo tanto poñen o seu cargo a disposición o presidente, Valentín García, e a secretaria, Mª Xosé Quintáns. De seguido solicítase a entrada de novos membros para ocupar os postos da xunta directiva; que logo de presentárense e ser aceptada a súa candidatura, quedaría formada como segue:

Concepción Cochón Rodríguez, presidenta
Xosé Ramón López Boullón, secretario
Xosé Manuel Otero Fernández, tesoureiro

Vocais:
Manuel Bermúdez Blanco
Olga Patiño Abeixón
Celsa García Freire
Mª dos Anxos Sobriño Pérez
Rosario Pérez Magdalena
Moisés Barreiro Comedeiro

Coa composición da nova cúpula directiva aprobada pola unanimidade dos asistentes, afróntase o plan de actividades que se van desenvolver durante este ano, do que podemos extraer o seguinte despois das diversas quen-das de intervención:

-Volver centrar os contidos de formación nos técnicos/as dos SL, revisar a súa situación profesional para elaborar un informe que nos axude a establecer un perfil tipo para os distintos postos de técnicos que convoca a Administración local, autonómica, etc.. e que continúan sen criterio unificado.

-Tamén se concluíu que se deben redefinir as liñas de actuación e formación, perfilar máis os contidos dos cursos que realicemos e designar os seus destinatarios, así como volver a

vista cara os técnicos de SNL que comezan a súa andaina e que seguen tendo exactamente as mesmas dificultades que hai anos, polo que cabe recuperar temas de planificación, dinamización e a proposta de creación dunha rede de SNL para Galicia que fixo a CTNL hai tempo e actualizala ás circunstancias que existen actualmente. Diseñar actividades prácticas e que poidan realizarse en pouco tempo con resultados, xa que os

técnicos están na maioría dos concellos moi poucos meses ó ano. Sobre esta cuestión menciónase o Pacto Local cos concellos, negociación na que debería entrar a lingua para ver se hai propostas de colaboración entre os SNL que funcionan.

- Demandar máis participación activa dos socios e persoas que se acheguen á CTNL para abordar contidos/actividades dos que podemos non decatarnos, as vías poderían ser a través do boletín ou o máis inmediato a través da web.

Tamén houbo un momento para a lembranza de Mario Escudero que foi membro desta entidade.

sumario

- Páx. 2** Apuntamento sobre o debate sobre a normativa
- Páx. 3** VIII Conferencia Internacional de linguas minoritarias
- Curso de traducción
- Páx. 4** O Congreso Internacional Linguas non Normalizadas
- Lexislación da Lingua Galega. Edición 2001
- Páx. 5** Os Correctores Ortográficos. Galgo e 2.MIL
- Ciberlingua
- Páx. 6** Máis sobre a páxina da CTNL
- TraduZa-g
- Convocatoria de prazas para traballadores/as de Normalización Lingüística
- Páx. 7** Nace a Asociación Galega de Onomástica
- Congreso Mundial sobre Políticas Lingüísticas
- Páx. 8** V Encontros para a Normalización Lingüística
- A Mesa

**VISITA A
NOSA WEB:**

<http://www.ctnl.org>

Ademais concluímos sobre o éxito dos cursos de formación que organizou esta entidade durante o pasado ano, nos que as prazas eran limitadas, e lamentamos observar a demanda de público interesado que tivo que quedar fóra deles; feito á que se intentará dar solución ou ben repetindo os cursos de máis público ou creando unha segunda parte deles en plans de formación vindeiros.



Coordinadora
de Traballadores e Traballadoras
de Normalización da Lingua

APUNTAMENTOS Ó DEBATE SOBRE A NORMATIVA

A decisión da RAG de non introducir cambios na lingua non rematou coas expectativas que leva xerado a chamada "normativa de concordia". Desde entón, diversos sectores da cultura, tanto editoriais coma asociacións e colectivos de todo tipo, están a apoiar desde o mes de novembro a campaña de difusión da proposta para que a Academia retome o debate. Nestas entrevistas analízanse os cambios que suscitaría a reforma da norma, o papel dos axentes sociais e as repercusións sobre o traballo que realizan os técnicos e as técnicas dos SL e dos SNL.

Henrique Monteagudo Romero



O profesor da Universidade de Santiago, e recoñecido sociolingüista, é membro da comisión redactora da proposta.

Analiza os cambios que suscitaría, así como o papel dos actores sociais desde que se coñeceu o texto.

¿Cal debería ser a función dos medios de comunicación desde que se fixo pública a proposta de reforma?

En xeral, a participación dos medios debía ser de informar e reflectir as opinións que había sobre o tema. A filtración á opinión pública, que ningún dos redactores cría conveniente, influíu moito no resultado, non tanto pola filtración en si posto que provocou reaccións boas, senón porque algún medio xa daba a proposta por aprobada primeiro polo departamento da Universidade de Vigo e despois pola Academia. En ambos casos, esta "seguridade" foi un factor que xogou en contra, por iso non queríamos que a proposta se dera a coñecer antes de tempo.

¿Como afectaría un cambio da norma nos falantes?

A reforma afecta á lingua escrita, polo que importa máis a postura dos usuarios especializados coma os xornalistas, os escritores ou os profesores. Dalgún xeito, a proposta xa influíu para gañar máis falantes, posto que desenfoca ante a opinión pública as disensións que ten habido entre os diferentes sectores comprometidos co galego, ó mostrar a cooperación entre estes sectores para elaborar unha proposta de reforma. Aínda que a proposta non contribúa a atraer falantes cara o galego, facilita as cousas.

¿O cambio favorece ás editoriais?

Son as que máis gañan no acordo, posto que algunhas empresas incluso sufriron boicot ou foron desmarcadas do ámbito de mercado por seguir unha determinada opción normativa.

¿E que supón esta iniciativa no ensino?

O principal efecto é que a aprendizaxe sería máis pacificada, e os alumnos non se queixarían de que cada ano aprenden nunha normativa diferente, aínda que a situación actual non é caótica.

¿Esta reforma ortográfica, vinte anos despois da primeira normativa oficial, dignifica a lingua como idioma consolidado?

Desde logo, unha lingua non é tal para unha sociedade moderna ata que non ten unha norma, na

que se establezan a súa ortografía, a súa gramática e a súa morfoloxía. Ademais, no caso do galego temos que considerar que está en proceso de establecemento e que non pode compararse con outras linguas, coma o francés, que xa están consolidadas e se falan en moitos países. Xa na propia Lei de Normalización se indica que a Academia velará pola actualización da norma, e aínda que todos somos conscientes de que non é bo que a normativa se cambie cada dous por tres, no galego é inevitable que haxa asustes.

¿Considera xustificada a importancia que se lle deu á cuestión de "Galicia" e "Galiza"?

Na proposta, indicamos que "Galicia" é a forma para denominar o país, é a forma común e ademais é unha competencia do Parlamento e do goberno galego, que non da Academia; pero ademais, "Galiza" é unha forma lexitimada no galego medieval que se recuperou basicamente pola vía literaria. A partir disto defendemos que as dúas opcións son filoloxicamente xustificadas, de xeito que "Galicia" é a forma oficial pero "Galiza" tamén é correcta.

¿Na decisión da Academia influíu que se votara o conxunto da norma e non só algunhas das súas cuestións?

Isto ten precedentes na norma de 1982 e na reforma de 1995, que se votaron integramente. Ademais, nesta cuestión é lóxico que se decida se se adopta ou non o conxunto da proposta, xa que votando por partes córrese o risco de que a norma perda coherencia, aínda que algún aspecto pode ser discutido á parte dos demais.

¿Qué debe facer a Xunta diante desta cuestión?

Ó Goberno galego, sexa este ou o que veña, benefíciolle que a cuestión da ortografía sexa o máis pacífica posible. A RAG ten unha competencia legalmente atribuída, e os demais debemos acatar a súa decisión. Paréceme pouco oportuno que os responsables políticos se manifesten a favor ou en contra da proposta e incluso sobre a decisión da Academia.

¿Cal vai ser o labor da Comisión a partir de agora?

O que temos que facer é difundir as razóns e o contido do texto, e agardar a que a Academia valore a súa decisión. Non é fácil que a RAG teña un trasacordo a non ser nalgún aspecto. Penso que a Comisión que elaborou a proposta está en disposición de volver estudar o asunto, porque foron moitas horas de traballo, e penso en particular que entre os sectores que defenderon publicamente e na Academia o voto en contra non temos interlocutores lingüistas, dubido que algunhas persoas que se manifestaron publicamente non teñen competencia lingüística.

Carlos Díaz Abreira



Técnico responsable do SL do Parlamento de Galicia, é un dos profesionais de maior cualificación e un dos máis afectados pola reforma. Analiza as posibles influencias sobre a administración e sobre o traballo dos técnicos.

¿Que opinión lle merece o rexeitamento da RAG á proposta de reforma ortográfica?

Á marxe da calidade da proposta, considero que a decisión da Academia non foi acertada, en primeiro lugar porque a iniciativa estaba avalada por institucións competentes en materia lingüística, coma o ILG e os departamentos de galego das tres universidades, e ademais dita proposta concitaba o respaldo e o consenso de numerosos colectivos e organizacións sociais vinculadas co idioma e defensoras das diferentes opcións ortográficas. Por outra banda, a proposta deuse a coñecer nun momento en que o galego retrocede entre as xeracións máis novas e non se avanza nalguns sectores inmersos na castellanización.

¿Cómpre, logo, unha reforma da primeira normativa oficial, vinte anos despois?

Si que é precisa, posto que no 82 algúns sectores quedaron descolgados da normativa, e isto danou a propia normalización, xa que algúns partidos referíanse á "normativa do PP", e incluso estas disensións favoreceron o castelán. Dúas décadas despois do inicio deste conflito, deberíase recorrer ó consenso. Por outra banda, os cambios normativos dunha lingua dependen da situación do propio idioma e do país en que se fala, e no caso galego non é un mal momento, pois os cambios que se propoñían son mínimos.

A proposta presentouse coma un conxunto e non coma un texto do que só se podían aprobar algunhas partes. Este método xa foi o empregado nas normas de 1982 e na reforma de 1995. ¿Influíu no fallo da Academia?

Algúns académicos publicaron artigos en xornais escusándose no feito de que se presentara unha reforma que debía aprobarse ou rexeitarse en conxunto, e dita opinión considero que se debe a presións políticas ou de índole persoal.

¿Cal debería ser o papel do goberno autonómico desde que se coñeceu a proposta?

Desde a propia Xunta tiñan que seguir o modelo dos gobernos alemán e francés, que non interferiron nas respectivas renovacións ortográficas posto que este tema debe quedar circunscrito a institucións lingüísticas. Sen embargo, houbo filtracións interesadas nun clima preelectoral que, dalgún xeito, supuxo unha falta de respecto para algunhas institucións, as relacionadas coa elaboración da norma, fronte a outros organismos e entidades máis próximos ó goberno. Se desde os poderes públicos non se sementara un ambiente de discordia e de alarma e se deixara facer ás institucións competentes, incluso a proposta podería contribuir ó incremento de falantes.

E en canto ós medios de comunicación, ¿como valora a súa actuación?

O control que se exerce desde o ámbito político nos medios de comunicación provocou que neste tema se reflectira o pensamento único, algúns medios deron noticia dun falso aportuguesamento do idioma e de que a proposta ía ser aprobada, cando en realidade considero que a decisión xa estaba tomada antes de que os propios informadores fixeran pública a cuestión. Un exemplo é a polémica en torno a "Galicia versus Galiza", no que se centrou a atención nos aspectos máis conflictivos, dunha maneira sesgada e que procedía da opinión de forzas anti-galegas.

¿Que cambios supón no traballo dos técnicos lingüísticos unha reforma no idioma?

A influencia no labor dos técnicos e servizos de normalización a penas sería tal, posto que os cambios eran mínimos e algúns ca estaban recollidos na norma de 1982. Ademais, os problemas dos SL exceden da norma, xa que se refiren máis a cuestións de coordinación e de asesoramento có emprego da escrita. Á administración tampouco lle suporía un cambio, xa que os métodos para a formación e capacitación lingüística do persoal xa están moi estruturados.

¿Considera que a proposta beneficia ó cumprimento da Lei no ensino?

Desde logo, a reforma de consenso axudaría a desarmar a polémica sobre o caos que supón para os alumnos dispor de tres opcións lingüísticas para o galego, cando realmente non hai tal diversidade nin caos, senón que é unha escusa de moitos profesores que por riba gozou dunha permisividade por parte da Administración que non se pode explicar.

Na súa opinión, ¿cal debe ser o labor da Comisión redactora da proposta?

Para min, o papel dos responsables da reforma foi moi discreto e positivo, e considero axeitada a campaña de difusión que emprenderon tralo rexeitamento da RAG. Polo que respecta á propia Academia, coa súa decisión puido obter unha certa victoria que non deixa de ser pírrica, posto que desde a instauración da autonomía ten un rol moi subsidiario e feble. Aínda que nos últimos anos coñeceu un cambio de apertura e renovación cara á opinión pública, a súa negativa a reformar a lingua algún día volverase en contra desta institución.



VIII CONFERENCIA INTERNACIONAL DE LINGUAS MINORITARIAS

Os días 22,23 e 24 de novembro tivemos a oportunidade de asistir en Santiago de Compostela a este foro de encontro, análise e intercambio de opinións sobre a realidade, a situación e o futuro das linguas minorizadas e acuñadas cunha xeneralización pouco rendible, segundo qué casos e qué parámetros, ou nuns casos máis ca noutros, como minoritarias. Nestas xornadas houbo simposios, relatorios, obradoiros, mesas redondas e comunicacións libres, nas que se verteron as problemáticas endóxeas e exóxeas coas que conviven estas linguas no marco dunha macroestrutura referencial e universal que se deu en chamar, globalización.

A maioría dos aspectos sobre os que se reflexiona nestas xornadas son, por mor das características que soportan estas linguas, sociolingüísticas e politolóxicas.

O contexto multilingüe ou, se se prefire, a situación de plurilingüismo exerce unha influencia proporcional sobre doutros aspectos fundamentais no desenvolvemento destas linguas, os psicolingüísticos e os culturais que xeran, á súa vez outros factores, condicionantes, como poden ser os conductuais e os de rango dos individuos dunha sociedade en relación cos niveis de aceptación, de uso, e de actitude e tamén, en virtude da competencia comunicativa deses individuos no seu contorno máis próximo.

Eis o significado do prestixio e do orgullo que se ten que proxectar cara a esoutra sociedade globalizada, na encrucillada que ese prestixio lingüístico está a nos impór.

Xa que logo, por razóns de supervivencia nuns casos e por razóns de convivencia noutros, xorden unhas necesidades que requiren dunhas políticas determinadas, da planificación e da modernización destas linguas. Neste espazo socio-político é onde falamos de normalización – sempre estes foros reavivan esta substantivación esmielrada polos datos, polos feitos que falan por si sós.

Logo, tralo debate sobre os principios problemas ós que se enfrontan as linguas minoritarias quedanos claro, unha vez máis, que unha lingua depende dos seus usuarios pero sobremaneira, da actuación política neste senso para que unha lingua acadese o seu nivel de normalidade. Como xa apuntou Ninyoles ben antes, depende dunha política lingüística stricto sensu.

Esta conferencia internacional atraeu a máis de 600 persoas de diferentes ámbitos, e de diferentes países e con diferentes responsabilidades nisto que é a normalización.

Convivimos con colegas, amigos que había tempo que non concidiamos, con investigadores, con especialistas, con políticos nas diversas comunicacións ou nos relatorios, ou ben nos amplos corredores do pazo de congresos.

Sen dúbida que lles prestamos moita atención ós relatores, ós proxectos, ós debates porque nestes foros compartimos experiencias e ilusións e sabemos ademais da importancia que supón aunar esforzos a prol dunha lingua minoritaria e/ou minorizada.

A mecanización dunha política que trate de resolver os problemas que soportan estas linguas, a capacidade de as vitalizar e de as revitalizar, amósannos un amplo abano de actuacións concretas, individuais e colectivas que están a axudar a que se manteñan vivas.

As ferramentas, básicas na actualidade, a través das novas tecnoloxías, a potenciación do uso das linguas propias en tódolos ámbitos, - a recuperación e a conservación da toponimia, por exemplo, como patrimonio cultural e lingüístico- entre outras moitas presentan unha realidade na que os inquéritos e as cifras que nestas sesións se presentan e que reflicten o pulso entre os avances e os retrocesos que sofre unha lingua nos distintos ámbitos.

Números e observacións que favorecen a detección- se houbera unha análise e unha avaliación que formase parte dunha intención obxectiva e responsable conducente a a actuar, decididamente, na progresiva normalización coa implementación de políticas coherentes coa realidade senlleira de cada unha destas linguas nos distintos escenarios da vida pública e privada.

O bilingüismo e o plurilingüismo capacitan os individuos para unha mellor resposta comunicativa pero colectivamente as sociedades deben recorrer ó afortalamiento do uso da lingua propia coa avaliación progresiva destes escenarios e cos recursos necesarios para que estas linguas non perdan terreo, se ben o contrario se afiancen e se consoliden con toda naturalidade no uso social.

Tivemos a oportunidade de compartir con compañeiras e compañeiros doutros ámbitos e con relatores excepcionais os comportamentos e os usos lingüísticos que indican a situación social e individual dunha determinada lingua e comprendermos as necesidades imperativas que nos han servir para cumprir tódalas nosas expectativas individuais e colectivas.

Polo tanto, ámbitos como o do ensino, maioritariamente representado nesta conferencia, entre ofiçiantes e asistentes, é o escenario capital no que os individuos tamén se senten grupo, e, ademais, ha se-lo escenario fundamental no que se deben dar os máis dos esforzos para tirar proveito na sociedade, no caso da nosa lingua dun xeito excepcional, cómo tantas e tantas situacións particulares e colectivas se equilibran no exercicio cotiá da aprendizaxe dun xeito natural e normal na propia lingua.

En relación con isto, a diversidade, a riqueza xeolectal, a adopción e a inmersión son fundamentais como elementos de interacción comunicativa que introducen os individuos na realidade colectiva a partir da súa propia realidade.

Deste xeito, unha boa parte dos relatorios e debates tiveron como referencia o ámbito educativo.

Todas as outras cuestións afortalan e sinalan a capacidade operativa dunha lingua, con múltiples ferramentas imprescindibles na actualidade, estudos, proxectos, traballos relacionados coa terminoloxía ou a terminoloxía de especialidade; a axuda, o apoio dos correctores nas



tarefas de mellora do uso xuntoa ás de dinamización, etc, que teñen por obxectivo asegurar esa pretendida situación de normalización e que, en moitos casos, deben pasar de seren só pretensións a se instalar con toda naturalidade nunha sociedade, incluíndo entre os elementos máis salientables destes días de reflexión, o colaboración entre as linguas minorizadas porque a lingua é o noso meirande valor identitario.

Finalmente, despois de tanta palabra, e se ben é certo que ó boi se lle colle polas hastas e ó home polas palabras- non sei se quedará clara a miña intencionalidade – pero para nós son importantes estas xornadas para a reflexión e o contacto permanente con outras realidades que se produce, mesmo na nosa lingua e que ás veces, non acadamos ver por riba do noso laboer cotiá e non para dicir que todo vaia ben, senon, cando menos, para dicir vaia.,ben, pois, daquela hai que seguir con esta dinámica de superación cotiá e...logo, vémonos en Suecia, na vindeira conferencia.

Xosé Ramón López Boullón

CURSO DE TRADUCCIÓN

O pasado mes de decembro, os días 14, 15 e 21, xuntámonos unhas 25 persoas para falar e aprender sobre TRADUCCIÓN. O lugar onde estivemos foi en Santiago de Compostela entre a aula de informática da F. de Ciencias da Información e a do Campus Sur da F. de Relacións Laborais. O profesorado deste curso estivo composto polos membros da Facultade de Filoloxía e Traducción da Universidade de Vigo: Moisés Barcia, Ana Luna e Isabel Martínez. O programa que máis ou menos levamos a cabo foi o seguinte:

1. A competencia tradutora na combinación castelán-galego.

A combinación lingüística castelán>galego e viceversa foi o principal condicionante á hora de establecer os obxectivos deste curso, e fixo que requirise un enfoque independente do que sería a traducción directa ou inversa para outras combinacións.

PRIMEIRO BLOQUE

1. Entorno profesional

- A profesión do tradutor e intérprete.
- O mercado da traducción en Galicia.
- O tradutor dun SNI.

SEGUNDO BLOQUE

1. O proceso de traducción: Principios metodolóxicos

2. Competencia lingüística e cultural

3. Elementos contrastivos e problemas de interferencia lingüística (bidireccionalidade)

4. Tipoloxía textual

5. Revisión e calidade:

6. Redacción técnica e cuestións de estilo.

TERCEIRO BLOQUE

1. Vínculos con outros ámbitos de formación: Linguaxes de especialidade e traducción

2. Ferramentas e recursos:

- Informática aplicada á traducción
- Demostración do tradutor TRADOS
- Demostración de traducción automática español-galego do sistema Traduz-a da empresa Dimensiona
- Documentación e terminoloxía

DESENVOLVEMENTO DO CURSO

Analizamos o procedemento e o resultado da traducción como segue:

a) Análise e comentario dos textos propostos, con especial atención ós aspectos contrastivos (lingüísticos, culturais, textuais, etc.) e ós posibles problemas de traducción: a función do texto orixinal e do texto de

chegada nas respectivas linguas, motivos para a súa traducción, etc.

b) Lectura e comentario das distintas propostas de traducción para diferentes problemas concretos, con especial atención a aquelas cuestións que afectan máis directamente á interpretación do orixinal.

c) Redacción e estilo. A recepción dos textos por parte dos destinatarios.

d) Crítica e comparación doutras traduccións existentes. Localización de erros, crítica de traduccións e comparación con outras linguas.

e) Soportes de información e fontes de documentación como métodos de traballo.

f) Ademais, asistimos a dúas demostracións sobre **traducción automática** na era das novas tecnoloxías, de xeito que puidemos ver como aproveitar estas ferramentas informáticas para cubrir mellor as necesidades que se nos presentan a cotío nos nosos traballos: puidemos ver cómo funciona o programa TRADOS e sistema Traduz-a da empresa Dimensiona, do cal podedes atopar máis información no enderezo electrónico <http://www.dimensiona.com>.

Dentro das conclusións que recolle a avaliación realizada neste curso, atopamos reiterados comentarios sobre que 20 horas non chegan para ver todos os contidos necesarios ou propostos para afrontar moitas das tarefas que se nos presentan no traballo diario. Por esta razón quedamos emprazados para realizar unha 2ª parte complementaria ou máis completa noutra ocasión.

O CONGRESO INTERNACIONAL LINGUAS NON NORMALIZADAS. PRESENTE E FUTURO

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega e a Universidade de Vigo organizaron o Congreso Internacional Linguas non Normalizadas: Presente e Futuro, co apoio do Concello de Pontevedra, a Comisión Europea, a Axencia Europea para as Linguas Menos Estendidas e a Xunta. A cita resultou un apertado foro de exposición e debate durante os pasados 15, 16 e 17 de novembro, no Pazo da Cultura de Pontevedra. O tempo fíxose moi escaso para a maior parte dos relatorios, con convidados da altura de Rafael Ninyoles ou Yann Chouc, entre os que houbo expertos en lingüística, socioloxía, semiótica, sociolingüística, dereito e política; se ben todos con recoñecido prestixio no campo da normalización lingüística das súas linguas: éuscaro, catalán, bretón, galés, gaélico e, por suposto, do galego. Cómpre subliñar, dentro do programa, o acerto de reservar un recuncho para a música e a poesía, ao incluír o moi concorrido recital-concerto de Lluís Llach na noite do venres.

Ao longo das tres xornadas, a maior parte do tempo foi para as interesantes intervencións de especialistas como Sebastia Serrano, quen pechou o primeiro día do congreso enchendo o auditorio dunha desbordante enerxía positiva para encararmos, co mellor dos optimismos, o traballo a prol das linguas e culturas minorizadas. A súa profecía dun futuro construído a base dun mundo de ciencias humanas abriu un interesante debate que se prolongou ao longo das restantes sesións.

Xa máis centrada en materia lingüística, resultou de moito proveito a entretida exposición do profesor da Universidade de Aberystwyth Ned Thomas, quen non só falou do presente e futuro do

galés como prometía o título do seu relatorio, senón que nos ofreceu unha moi amena, ampla e instructiva visión da sociedade galesa e do seu mapa sociolingüístico.

Ademais, entre as comunicacións houbo sorpresas e intervencións moi interesantes, aínda que, sen dúbida, foron Sechu Sende e Anxo Gómez os que cativaron o público co seu "contrato de fidelidade lingüística" para asinaren cos seus alumnos de lingua galega. A exposición da experiencia resultou moi interesante por novidosa, orixinal e dinámica. A idea do sorprendente contrato foi amplamente comentada nos descansos.

Un dos momentos máis esperados do congreso foi a presentación da proposta para o acordo normativo. O optimismo nas exposicións de Xosé Luís Regueira e Xosé Ramón Freixeiro Mato, e na presentación de Alberte Anside representando a AS-PG; así coma no caloroso debate que se xerou entre o público e os relatores á volta da "normativa da concordia", non facía prever o acedo dictame da Academia unhas horas máis tarde; e permitiu que todos os asistentes soñasen con estar ás beiras de acadar un chanzo máis no proceso normalizador do noso país.

Alén disto, o groso do congreso estivo centrado na análise de varias investigacións para analizar o grao de normalización no ensino do galego, éuscaro e bretón. Neste ámbito Isabel Kerdudo achegou a súa experiencia coas escolas Diwan de Breña, e foi tamén onde se centrou a interesante exposición que Xosé Ramón Freixeiro Mato realizou do estudo sociolóxico que analiza a situación destas tres linguas minoritarias no ámbito do ensino. Esta investi-

gación foi promovida pola AS-PG e, inserida no mesmo proxecto Galbreus, patrocinado pola Axencia Europea para as Linguas Menos Estendidas, no que se xestou o congreso. Tamén se presentou o método de traballo da investigación no ámbito do ensino que o Consello da Cultura Galega está a punto de rematar e de presentar ao completo, inserido nun proxecto formado por investigacións desenvolvidas noutras áreas. Agustín Fernández Paz foi o encargado de expor o resultado das enquisas realizadas en centros de ensino infantil e primario e de avanzar algunhas valoracións persoais sobre os resultados.

Se ben os propios relatores recoñeceran que os estudos presentados merecen unha análise máis polo miúdo para poder tirar conclusións máis atinadas, as primeiras valoracións non sorprenderon a ninguén.

Xa que logo viñeron confirmar con datos o que deducimos do noso traballo coa lingua no día a día: o ensino na nosa terra está a ser desgaleguizado, os núcleos urbanos son os que contan cunha menor porcentaxe de falantes de galego, a lexislación en materia lingüística está a ser amplamente incumplida na grande maioría dos centros de ensino de Galicia, aínda que isto é máis notorio canto máis urbano sexa o contorno do centro, e os poucos casos con resultados positivos na galegu-

ización de centros urbanos —ou na non desgaleguización de centros rurais— están directamente relacionados co traballo e co alto grao de compromiso que teñen coa lingua un, case sempre, reducido número de profesionais.

Concepción Cochón Rodríguez



LEXISLACIÓN DA LINGUA GALEGA. EDICIÓN 2001

Venancio Graña Martínez
Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Política Lingüística
A Coruña. 2001

Aplaudimos esta publicación da Dirección Xeral de Política Lingüística que recolle a maioría das disposicións e normativas legais relativas á lingua galega. Trátase dunha compilación realizada por Venancio Graña Martínez que actualiza aquela *Lexislación actualizada sobre a lingua galega* do ano 1992 que todos e todas consultamos algunha vez e que, co paso do tempo, cumpría renovar.

Nos case 10 anos pasados desde aquela publicación as cousas teñen mudado bastante en todos os sentidos, non só a nivel lexislativo senón tamén na situación sociolingüística, cobertura legal e, principalmente, no coñecemento que temos da situación social da lingua galega. Esta *Lexislación da lingua galega. Edición 2001* presenta unha clasificación da lexislación en: "disposicións xerais", "disposicións internacionais" (antes non existían), "educación", "accións de formación e extensión da lingua", "administración e función pública", "administración local", "xustiza", "administración militar", "réxime electoral", "actividades comerciais, mercantís e outras", "exterior", "subvencións" e, finalmente, "toponimia". O contido dunha compilación destas características fai que sexa de uso imprescindible para calquera persoa que traballe coa lingua galega e, por suposto, para calquera técnico/a dun SNL ou SL. A organización desta edición enriquece a que tiña a publicación do 92 e facilita a consulta. Consideramos que, en xeral, a compilación é moi acertada, ben pola inclusión de regulamentacións novas ben pola actualización doutras existentes. Botamos en falta outras referencias á lingua que, aínda sendo tímidas, forman parte de normativas de importancia como poden ser, entre outras, o artigo 28.e do anexo da Lei de barreiras arquitectónicas ou o artigo de sinalización e rotulación da Lei dos camiños de Santiago.

Estas reflexións pretenden aportar a esta compilación outra visión máis global, entendendo que no recolleito está o cerne da normativa que atinxe á lingua galega. A presente edición mellora a anterior coa introdución de cuestións xerais novas como as funcións dos gabinetes provinciais de normalización lingüística; tamén se fai notar o novo apartado de "disposicións internacionais" que anteriormente non existía e que recolle a Carta europea da linguas e a Declaración universal dos dereitos lingüísticos. En "educación" aparecen reformas e actualizacións variadas, entre as que hai que salientar o decre-

to 247/95, requisitos do profesorado dos centros privados, modificacións que teñen que ver coa aplicación da LOXSE, etc. En "xustiza" a actualización concéntrase no Certificado de nacionalidade española e no RD 193/2000, onde se modifican artigos do Regulamento de Rexistro Civil relativos ó nome e apelidos e á orde dos mesmos. En "comunicacións" cómpre salientar a directiva 89/552/CEE e, finalmente, o apartado de subvencións actualiza as repetidas modificacións que foron sufrindo estas convocatorias ó longo do tempo.

Tamén observamos outras cuestións que poderían ser revisadas, algunhas pola súa importancia e outras por coherencia interna e unificación de criterios. En "disposicións xerais" botamos en falta o Decreto 304/94 (DOG 34 outubro) que modifica os artigos 2 e 3 do Decreto 221/90 polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (CCNL). En "disposicións internacionais" poderían considerarse outras disposicións que aínda sendo menos globais non deixan de ser importantes para o uso e protección das linguas en Europa e na administración europea, do mesmo xeito hai liñas de axudas europeas ou recomendacións de Nacións Unidas das que estaría ben ter referencias. Non comprendemos cal é a razón de situar no apartado de "educación" o Decreto 173/82 de normativización da lingua galega, o código escrito que utilizamos é transversal e afecta a todos os ámbitos sociais e lingüísticos e non só ó ensino; por outra banda cremos que no apartado de universidades conviría introducir os regulamentos de uso aprobados por cada universidade, no caso de que os haxa. No apartado de "actividades comerciais, mercantís e outras" introdúcese a Lei de cartografía que, debido ó seu contido, probablemente estaría tan ben situada no apartado de "toponimia". En "subvencións" parécenos correcto reunilas todas baixo un mesmo apartado pero non comprendemos porque non se inclúen as subvencións que a Dirección Xeral de Xustiza e Administración Local convoca todos os anos para os concellos de Galicia, incorporándoas ó apartado de "administración local"; pola mesma razón poderíase facer o mesmo coas outras subvencións. Por último, botamos en falta que non se recollan os regulamentos ou ordenanzas municipais xa que son instrumentos de gran importancia para a normalización lingüística, principalmente cando a transmisión de información e o aproveitamento e coordinación de recursos e esfor-



zos é máis necesario nestas institucións que, habitualmente, teñen o defecto do isolamento e da falta de transversalidade entre elas.

Por outra banda, a introdución de normativas que regulamentan algúns instrumentos de planificación e implementación da lingua, como poden ser a DXPL, EGAP, CCNL, permitiría recoller tamén outros que son importantísimos e teñen regulamentacións propias como poden ser o Consello da Cultura Galega ou o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Queremos rematar esta pequena achega sinalando a importancia de actualizar e mellorar estas compilacións sobre normativas para que poidan ser coñecidas e aplicadas en todos os sectores, neste sentido cómpre facer un traballo de pescuda e actualización constante e un esforzo de difusión para o que internet podería ser unha ferramenta imprescindible. Aplaudimos de novo a publicación desta compilación que estamos seguros que será de gran utilidade e que sempre resulta complicada de recoller e de estruturar pois en moitos casos é difícil establecer criterios estables que nos sinalen claramente onde comezar e onde rematar. A materia pendente é velar pola aplicación desta lexislación e procurar os resultados que a lingua galega necesita.

Xosé M. Otero

OS CORRECTORES ORTOGRÁFICOS Galgo E 2.MIL

A aparición de correctores ortográficos de galego adaptados ao ámbito da informática marca un punto de inflexión, pois que se conta desde este momento con novas ferramentas de traballo que ofrecen ao usuario unha axuda para a corrección de textos e que poñen a lingua galega en plano de igualdade coas outras do seu contorno, que xa contaban con correctores deste tipo. Ata o momento contabamos co ALLEGUE da empresa *Allegue Informática*; o CORRIXE, versión 1.20 para Windows 95/NT e Macintosh, desenvolvido polo Instituto da Lingua Galega (ILGA) da Universidade de Santiago de Compostela; o bEMPOSTO, autocorrector de textos en galego para Microsoft Word na versión 97 e 2000 producido por Vieiros e galego.org; e o Galgo, un produto desenvolvido pola empresa Imaxin coa colaboración do ILGA para a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que é posible solicitar en CD-ROM á Dirección Xeral de Política Lingüística.

Pode accederse a todos eles a través da páxina do Servizo de Normalización Lingüística da USC www.usc.es/~snlus

Agora sae á luz un novo corrector, o 2.mil, que igual có Galgo foi realizado por *Imaxin* en colaboración co ILGA para a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que é o primeiro corrector de galego para todo o paquete *Office 2000*. Del e do Galgo falaremos.

O Galgo funciona cos seguintes sistemas operativos e procesadores de texto: Windows 95, Windows 98 ou Windows NT; Word 6.x, Word 95, Word 97, Word 2000 ou WordPerfect. A nosa experiencia é que a súa instalación non dá ningún tipo de problemas, e unha vez rematada ten que aparecer entre as barras de ferramentas do procesador de textos unha icona "ABC Galgo", que ha premerse no momento en desexemos corrixi-lo un texto.

Pola súa parte o 2.mil funciona con todo o paquete *Office 2000* (MS Word, MS Access, MS Excel, MS Powerpoint e MS Outlook) como xa dixemos, e a súa instalación é igualmente sinxela. Agora ben, á hora de traballar con el lembremos que temos dúas opcións: empregalo como autocorrector, para o que antes de empezar a escribir hai que cambiar o idioma a "Galego" en *Ferramenta-Idioma-Cambiar*; ou ben empregalo como corrector *a posteriori* para o que antes de iniciar a corrección deberemos seleccionar o texto (*Edición-Seleccionar todo*) e despois cambiar o idioma a "Galego" en *Ferramenta-Idioma-Cambiar*.

OS CADROS DE DIÁLOGO

O Galgo ten un cadro de diálogo moi sinxelo, que podemos desprazar e situar no lugar en que menos nos incomode: na parte de arriba encontraremos a lenda "imaxin Galgo", diante da que temos un "g" que hai que premer para obtermos

as opcións de "Mover" ou "Cerrar".

Permitenos ademais decidir en qué posición do documento queremos comezar a corrección, e detela ou cerrala cando nos conveña ("Deter" e "Sair"), así como tamén corrixi-lo só o texto que seleccionemos.

No que respecta á corrección propiamente dita, ensinanos a palabra detectada como incorrecta ("Palabra actual"), ofrécenos a alternativa que considera máis aceptable ("Cambiar por") e proporcionámonos á parte suxestións se o desexamos. Podemos "Ignorar" a palabra que o Galgo nos sinala como incorrecta e facer caso omiso das posibilidades de corrección que nos ofrece, nun caso concreto ou en todo o documento ("Ignorar sempre"). Tamén podemos "Cambiar" a palabra pola alternativa ofrecida que creamos máis adecuada nun caso concreto, ou en todo o documento ("Cambiar sempre").

Hai que ter en conta que a utilización de correctores ortográficos non exige de prestarlle atención á concordancia cando o cambio dunha palabra implica cambio de xénero: cambiar "planteamiento" por "formulación" supón que o xénero de todos os sintagmas en que aparece debe pasar de masculino a feminino. Por outra banda, abusar da opción "Cambiar sempre" pode crear problemas en palabras polisémicas. Se propomos cambiar sempre "escalón" por "chanzo" pode ocorrer que un texto fale de os *chanzos dunha escada*, pero tamén de **cultivos en chanzos*, cando o correcto en galego sería *cultivos en socalos*.

Á parte podemos configurar en "Opcións" o tipo de propostas que desexamos que o corrector nos faga: o Galgo ten dous niveis de suxestións diferentes que podemos activar, o de "Suxestións Simples", co que imos corrixi-lo os erros de tipo ortográfico que existan no texto, e o de "Suxestións Complexas", que permite a substitución de palabras ou verbos incorrectos de aparencia galega polas formas equivalentes correctas.

De querer deter a corrección, como xa notamos, temos que facer uso da opción "Deter". De querermos continua-la deberemos premer "Comezar", o que nos permitirá seguir desde a posición en que se atopaba o cursor cando a detivemos. Se facemos isto, temos que ter en conta que o corrector non garda as nosas escollas previas en relación a "Cambiar sempre" ou "Ignorar sempre", polo que vai comportarse coma se iniciásemos de novo a corrección.

Pola súa banda, o corrector 2.mil emprega a xanela de *Ortografía e gramática* do Word, polo que as opcións aparecen marcadas en castelán. Ademais é de maior tamaño cá do Galgo, e non é posible desprazala pola pantalla. É igualmente sinxela. Marca en vermello a palabra que detecta como incorrecta en "No se encontró" e ofrece "Sugerencias". Eli-xiremos a que nos pareza máis adecuada. Pode-

mos "Cambiar" a forma incorrecta pola correcta en cada caso concreto ou facelo para todo o documento ("Cambiar todas"), non cambiala tamén en cada caso concreto ("Omitir"), ou non cambiala nunca ("Omitir todas"). Por outra parte, é posible modificar as correccións aplicadas premendo o botón "Desfacer".

Á parte podemos configurar en "Opcións", en relación á ortografía, que queiramos que omita o corrector e se queremos que suxira sempre ou non. Non se permite configurar nada en relación á gramática, a pesar de que aparece no cadro de diálogo.

A CORRECCIÓN

Canto á corrección propiamente, tanto o Galgo como o 2.mil céntranse principalmente no léxico e en aspectos morfosintácticos dos textos. Os dous utilizan como base o *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (VOLG) desenvolvido polo Instituto da Lingua Galega, e ademais inclúen un número determinado de abreviaturas, siglas e acrónimos, nomes e apelidos, e topónimos galegos, españois, portugueses e europeos en xeral (aproximadamente 1000 abreviaturas, siglas e acrónimos, 1000 nomes e apelidos e uns 1200 topónimos).

Por unha banda resulta evidente que o galego non pode reducirse á listaxe de palabras do VOLG e aos nomes, apelidos, topónimos, abreviaturas, siglas e acrónimos que inclúen os correctores; e, pola outra, é claro que a terminoloxía dificilmente fica neles representada, como en calquera dicionario de lingua de carácter xeral. Por isto suxerimos que se engadan dicionarios sobre temas concretos para a corrección de textos escritos nunha lingua especializada, a penas revisados polos correctores ortográficos de calquera lingua, xa que entre as posibilidades que nos ofrecen está a de utilizar outros dicionarios: no caso do Galgo un "Diccionario do usuario" e "Dicionarios externos", no do 2.mil un "Diccionario personalizado".

O "Diccionario do usuario" é o lugar en que engadiremos as palabras que consideremos oportunas para a mellor corrección do texto, mentres que os "Dicionarios externos" que poden engadirse ao Galgo, son dicionarios terminolóxicos con que este traballa con vistas a facilitar a corrección de textos especializados. Serán fornecidos pola empresa *Imaxin* e conterán sempre un léxico validado por expertos non sendo, por tanto, modificables polo/a usuario/a final. Polo que sabemos, é posible contar con varios e que estean activos a un tempo, ou manter activos só os que nos interese para a corrección dun documento en particular. Cómpre actualalos antes de comezar a corrixi-lo.



EN CONCLUÍNDO...

Polo dito, pódese crer que estes dous correctores ortográficos contan cuns medios, senón iguais, semellantes, e realizan un labor de corrección idéntico. Na práctica revelouse que isto, curiosamente, non é así. Vexamos as vantaxes que presenta cada un:

Co Galgo temos unha corrección máis adaptada a unha lingua como a nosa que, polos motivos que todos coñecemos, ofrece máis dúbidas e problemas á hora de empregala. Isto é presenta unhas suxestións mellor enfocadas cara á problemática do uso do galego. Un exemplo claro témolo no que ocorre con *plantexar*: o Galgo suxire "expor", "formular", "admitir", "bosquesar", etc., entre outras alternativas; o 2.mil diferentes palabras derivadas de *planta*. Á parte está a posibilidade de empregar os "Dicionarios externos", pensados para a corrección de documentos especializados.

O 2.mil ofrécenos unha opción de grande interese de que o Galgo non dispón: a autocorrección, o poderemos ir corrixi-lo o texto a medida que escribimos. Tendo en conta estas vantaxes, aconsellamos para unha maior eficacia nas correccións facer un uso combinado dos dous correctores, o 2.mil primeiro como autocorrector e o Galgo despois para revisar, xa que isto ademais non ha supornos ningún problema.

Hai que ter en conta que aínda non dispoñemos, polo de agora, de ferramentas que ofrezan unha corrección de textos total e perfecta, pero co novo corrector 2.mil estamos un paso máis adiante no camiño. Temos un produto que non é mellor có que había, pero que soporta máis programas (todo o paquete Office) e que é, á parte, compatible con el, polo que a lingua galega está en hora boa. O usuario ten ao seu dispor dous correctores ortográficos de primeiro nivel, que ofrecen o que hoxe pode agardarse dunhas ferramentas deste tipo en calquera lingua.

Sara Pino

Ciberlingua

Coincidindo coa celebración do Día Europeo das Linguas, os alcaldes de Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ferrol, xunto aos representantes da *Confederación Intersindical Galega do Ensino*, a *Asociación Socio-Pedagóxica Galega* e o *Instituto para o desenvolvemento de software en galego- Galego 21*, asinaron un convenio de colaboración para realizar o programa **Ciberlingua**.

Ciberlingua é un programa totalmente innovador de dinamización lingüística no ámbito socioeducativo baseado no coñecemento e difusión do emprego de Internet e dos recursos que ofrece en galego. Este programa pretende popularizar, desde o noso idioma, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas comunidades educativas das

cinco cidades a través de varias actuacións básicas. O programa estase a realizar durante o presente curso 2001-2002, cun grandísimo éxito de participación. A partir de obradoiros destinados ao profesorado, e aos pais e nais, así coma de sesións guiadas destinadas ao alumnado de primeiro e segundo ciclo de ESO, xunto coa publicación dun manual, dunha guía de recursos e dun paquete de programas e aplicacións en galego, procurábase achegar o emprego da rede ao ámbito educativo de maneira atractiva e creativa. As actividades estanse a desenvolver en centros de ensino e tamén nos cibers, espazos habituais de acceso á rede por parte da mocidade, de xeito que se estableza unha comunicación entre o medio escolar e o ámbito social. O obxectivo final deste proxecto é contribuír desde a comunidade escolar á creación dun espazo galego e en galego na rede. O custo total do proxecto é de case 12 millóns de

pesetas, que están a financiar os concellos con cargo aos seus orzamentos. É de destacar que por primeira vez desde as eleccións democráticas de 1979 os concellos de cinco cidades asinan unha actuación conxunta en torno a un valor tan importante como a lingua galega. Así mesmo, cómpre resaltar a colaboración entre administración e entidades socioeducativas nun proxecto de promoción do uso da lingua e difusión das tecnoloxías da comunicación, acurtando o desfase escola-sociedade e procurando que o ensino público xogue un papel equilibrador no acceso a estas novas tecnoloxías.

Para máis información sobre este programa pioneiro, pódese consultar o web:

www.galego21.org/ciberlingua



ou contactar con ciberlingua@galego21.org; así como solicitar información nos servizos de normalización lingüística dos cinco concellos participantes.

MÁIS SOBRE A PÁXINA DA CTNL

< <http://www.ctnl.org> >

"Enredamos a dinamización lingüística deste país. Retirado o cartel de obras e coas desculpas por diante debido á demora do funcionamento deste proxecto, ponse en marcha unha nova ferramenta de traballo e comunicación para a rede de servizos lingüísticos ..."

Con este cartel comezamos a nosa andadura pola rede mais agora mostramos a carta de presentación do que pretende ser un convite para que todas e todos participades nas diferentes seccións que temos en marcha.

A CTNL

< <http://www.ctnl.org/index.htm> >:

sección que informa da orixe da nosa organización; os seus fins recollidos nos estatutos e conta coa posibilidade de subscribirse ás novas electrónicas e asociarte en liña; tamén recolle o nome daqueles que colaboran por medio dunha subvención na construción e mantemento desta páxina.

NOVAS

< <http://www.ctnl.org/novas.asp> >:

cada quince días ou cando a situación o require damos conta das novas máis interesantes para os servizos: cursos, dinámicas doutros concellos, convocatorias de prazas, ...

Podes colaborar nesta sección enviando información ao noso correo electrónico para que o resto de compañeiras e compañeiros doutros servizos poidan coñecer as dinámicas que se están a realizar en diferentes puntos do país. Todas as novas son interesantes e sempre poden servir de punto de partida para outros servizos.

CURSOS

< <http://www.ctnl.org/actividades.asp> >:

sección desde a que convocamos os cursos que organiza a CTNL e desde a que tamén podes formalizar a inscrición. Podes colaborar nesta sección participando na comisión de cursos que se encarga de preparar os cursos coa axuda dos

docentes para a posterior publicación na rede. Neste momento temos todo o material correspondente ao Seminario "Os procesos de implantación lingüística" impartido pola profesora Iolanda Galanes a quen temos que agradecer a súa total dispoñibilidade e a preparación de todo o material. Agora temos en preparación tres cursos que pronto estarán á vosa disposición.

PARTICIPA

< <http://www.ctnl.org/participa.asp> >:

sección desde a que se activan diferentes comisións das que neste momento só goza de vitalidade a de cursos. O seu propio nome indica o seu principal fin. COLABORA.

LIGAZÓNS

< <http://www.ctnl.org/ligazons.asp> >:

Servizos de Normalización Lingüística, institucións académicas, organizacións, asociacións e outras ligazóns compoñen o amplo repertorio de enlaces que nos van levar a coñecer as actividades doutros organismos semellantes ao noso e que nos facilitarán a nosa tarefa diaria.

BIBLIOTECA

< <http://www.ctnl.org/biblioteca.asp> >:

sección desde a cal pensamos dar a coñecer os diferentes artigos, libros e outros documentos de interese que van aparecendo nas nosas librerías; tamén poñeremos á vosa disposición todos os Novas CTNL en formato electrónico. Se coñeces algún artigo ou/e libro que creas podes ser de interesante lectura para todos/as aqueles/as que visiten a nosa páxina envíanos a súa ficha bibliográfica e unha breve reseña para que todos saibamos da súa utilidade.

Hoxe en día xa son máis de 18 os compañeiros e compañeiras que están subscritos ás nosas novas electrónicas e tamén son moitos/as os que nos envían suxestións, advirten de erros ... e outros pequenos detalles que fan que este servizo mellore día a día. Lembra neste recuncho da rede "hai sitio para todos".



CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA TRABALLADORES/AS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Nos últimos meses, fixéronse públicas as convocatorias de prazas estables de traballo dentro para diversos servizos lingüísticos, na Consellería de Xustiza (12 prazas), na Sociedade para o desenvolvemento comarcal de Galicia e no concello de Culleredo. Así as cousas, parece que se está a activar a demanda de traballadores/as da lingua, que nos últimos tempos parecía ter decaído.

A convocatoria de postos de traballo estables nas audiencias, xulgados, administración autonómica, concellos etc, é sempre unha boa noticia e destas bases (así como de todas as que de aquí en adiante se publiquen) tedes noticia na web da CTNL www.ctnl.org/novas.asp

Empreso, séguese a botar en falta máis publicidade administrativa na convocatoria de prazas,

prazos máis amplos de tempo para presentación de documentación, así como unha regularización, e fixación da puntuación concedida ós aspirantes na fase de concurso. Todo isto, fai que a CTNL teña previsto nun breve prazo de tempo, contando coa colaboración de diversos organismos e colectivos que teñen que ver co noso entorno profesional (FEGAMP, Consello da Cultura, sindicatos,

etc) intentar establecer despois dun estudio previo, modelos tipo de convocatoria e temarios, que poidan servir de guías para buscar o perfil do profesional e axuden a homxeneizar os procedementos a organismos e empresas que decidan dotarse dun SL ou convocar probas para a contratación dun traballador/a de normalización lingüística.

TraduZa-g

Un sistema de tradución automática español-galego elaborado para os profesionais e as empresas por Dimensiona Consultoría Tecnolóxica.

A utilización dun sistema de tradución automática dentro dunha empresa, institución ou tamén sendo utilizado por persoas que se dediquen profesionalmente a facer traducións fai posible que se produza un aforro de tempo e custes na produción de documentación traducida, estes dous aspectos son importantes no senso en que se produce un aumento da produción no menor prazo de tempo posible, aínda así hai un aspecto moito máis importante, a calidade final da tradución acadada. O sistema de tradución automática elimina totalmente os procesos non técnicos, fundamentalmente a reescritura do texto, permitindo que o/a lingüista se dedique que por completo ó refinamento final do texto e a mellora final da calidade que o fin e o cabo é a súa función técnica e non a de mecanografar.

Outras características importantes a considerar son:

- Facilidade de uso da ferramenta.
- Velocidade de tradución.
- Fiabilidade da tradución.

Vexamos como TraduZa-g integra todos estes aspectos.

TraduZa-g utiliza o sistema máis estandarizado de edición: tradución de ficheiros word para PC con sistema Windows. Tamén se recollen outros tipos de formato como o HTML, formato xornalístico ou texto cru; en calquera caso son formatos estándar.

No caso de ser Word o procesador utilizado permite usar os correctores lingüísticos hoxe en día empregados (fundamentalmente o Galgo).

Velocidade.

Tendo en conta que cando falamos dunha páxina Word (Arial), esta páxina ten un volume medio de 290 palabras. Os tempos medidos sobre un Pentium III a 800Mz con 128Mb de memoria para TraduZa-g son:

	Traducción de Archivo de Texto	Traducción de Archivo Html, Asp	Traducción de Archivo formato Word
Documento de 100 páxinas	30 segundos	45 segundos	1 minuto 30 segundos

Intelixibilidade.

Arredor do 100%. Non existe practicamente frase ningunha que non se entenda despois do proceso de tradución, polo que hai que acudir pouquísimas veces ás frases orixinais.

Fiabilidade.

Dun 96%. Pasado un corrector despois da tradución non dá atopado tan só 1 palabra de cada 30.

Productividade.

Unha tradución manual de 3 páxinas realizada por un experto traductor leva arredor de 17 minutos, neste mesmo tempo (17 minutos) se empregamos o sistema de tradución automática 'TraduZa-g' e posteriormente repasamos a tradución feita, o técnico podería traducir arredor de 11 páxinas

Equipamento.


O equipo necesario é un ordenador persoal básico.

Desde Dimensiona Consultoría Tecnolóxica somos conscientes de que o uso exclusivo dunha ferramenta de tradución automática non acada en ningún caso os resultados obtidos por un traductor pero o que si cremos e que o equipo formado por un traductor e un sistema de tradución automática fai posible que se produza un aumento da produción de documentación traducida así como unha calidade superior nas traducións realizadas.

A moitas persoas pode darlles a sensación de que o único obxectivo que se busca é o aumento da produción, en certa medida é certo e por outra parte lexítimo xa que unha empresa ou persoa que se dedique a facer traducións profesionalmente tentará facer o máximo número de traducións no menor prazo de tempo posible, pero o que tamén é certo e que hai outras moitas persoas que non se dedican profesionalmente a facer traducións e que empregan a maior parte do seu tempo en facer traducións, isto provoca que o seu tempo se vexa reducido para outras labores, polo tanto para uns e para outros TraduZa-g tenta ser unha ferramenta de axuda e non de substitución, para os primeiros proporcionándolles un aumento na produción e para os segundos un aumento no seu tempo.

Moitas grazas a CTNL por deixarnos un anaco no Novas para presentar TraduZa-g.

NACE A ASOCIACIÓN GALEGA DE ONOMÁSTICA



FINALIDADE

Esta nova asociación naceu co ánimo de impulsar os estudos que tentan conservar, divulgar e investigar a onomástica como unha parte importante do noso patrimonio cultural.

A Asociación Galega de Onomástica (AGOn) tenta aunar os esforzos que, desde distintos ámbitos, se dedican a esta ciencia que se implica directamente nas áreas lingüística ou filolóxica, a histórica, a xeográfica, a social, a antropolóxica e a arqueolóxica.

O SEU ESPACIO

Ademais, esta asociación enmarca o seu espazo natural de actuación na Galicia histórica incluíndo os territorios limítrofes de Galicia tanto de España como de Portugal.

CONTRIBUCIÓN Á NORMALIZACIÓN

O meirande contributo que esta ciencia xera é a de que, sen dúbida, a súa implementación vén ser un indicador relevante e un elemento substancial na normalización lingüística.

Podemos dicir que a nosa identidade mirase na onomástica ou que ela mesma reflicte a nosa identidade. Dito dun xeito doutro, abofé que contribúe a lle asegurar un mellor futuro ó noso idioma.

PULO PARA TODA A SOCIEDADE

A riqueza cultural e as posibilidades que ofrece é fundamental para o desenvolvemento dun país nos distintos ámbitos -administrativo, xurídico, público ou privado-.

A ordenación do territorio, as obras públicas, a cartografía, os rexistros da propiedade, ou nos rexistros civís, son escenarios nos que se manifesta e que son reveladores do estado dun idioma. Polo tanto, supón

para a nosa sociedade un pulo importante actuar correctamente neste eido.

Por unha banda debémonos concienciar, xa que logo, do seu grao de importancia. Pola outra tirar moito proveito dela xa que resulta atractiva e arriquecedora. Por exemplo para o ensino no que se poden desenvolver múltiples actividades didácticas e formativas.

CANLE DE INVESTIGACIÓN

Para concluír, hai que salientar que no ánimo da asociación está poder ser un vehículo de interacción para orientar, canalizar, divulgar ou publica-los traballos que, en diante, se poidan facer en relación coa onomástica.

A SÚA DIRECTIVA

AGOn está presidida por Ana Isabel Boullón Agrelo; a secretaria é Luz Mendez Fernández e os Vocais son Elixio Rivas e Carlos Búa.

COTA E MÁIS INFORMACIÓN

A Cota para os socios é de 18,03 euros - 9,02 para estudantes e parados-.

Así que xa sabedes un pouco máis desta nova asociación e dos seus propósitos.

Por certo que para setembro organiza o I CONGRESO DE ONOMÁSTICA GALEGA "FREI MARTÍN SARMIENTO"

¡Animádevos a formar parte dela!

Xose Ramón López Boullón


Congreso mundial sobre políticas lingüísticas

O Instituto Linguapax organiza en colaboración coa Direcció General de Política Lingüística de Catalunya o **Congreso Mundial sobre Políticas lingüísticas** que terá lugar en Barcelona do 16 ao 20 de abril do 2002.

Certos de que os cambios políticos, económicos e tecnolóxicos que estamos a vivir nos últimos anos influen directamente sobre as linguas supoñendo as máis das veces un perigo para a diversidade lingüística o Instituto Linguapax e a Direcció General de Política Lingüística de Catalunya convidan a investigadores, axentes sociais, responsables políticos e todas aquelas persoas que traballan no fomento e uso das linguas a participar dos debates de terán lugar neste congreso.

Temática:

1. As leis lingüísticas e outros textos legais como instrumentos de fomento das linguas: elaboración, aplicación e seguimento.
2. A xestión da diversidade lingüística nos grandes centros urbáns.
3. O estudo de modelos concretos e das experiencias máis existosas no campo da política lingüística, ...



4. A participación efectiva da sociedade civil (organizacións cívicas, ONG, ...) no deseño, elaboración, aplicación e seguimento das políticas lingüísticas.

5. O reto das novas tecnoloxías e a produción de recursos lingüísticos para a promoción da diversidade lingüística e da cultura da paz.

Matrícula e inscrición:

O prezo da inscrición ao congreso é ata o 1 de marzo (data límite), o prezo da inscrición será de 180 euros e de 150 para estudantes. O formulario de inscrición podedes enviálo a info@linguapax.org ou por correo postal a:

Instituto LINGUAPAX
Mallorca, 285
08037 Barcelona
Catalunya

A inscrición só é considerada efectiva despois de recibir copia do correspondente pagamento a:

Linguapax
Número de conta:
2100 0826 70 02004542243
Banco: La Caixa
Enderezo: Diagonal, 355,
Barcelona 08037
Catalunya
Código Swift: CAIX.ES.PB.XXX

Podés atopar máis información actualizada na súa páxina web <www.linguapax.org>

OS V ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA RECLAMAN MÁIS GALEGO PARA TODOS

A presentación do Informe de Política Lingüística e Normalización protagonizou os V *Encontros* organizados o 25 e 26 de outubro polo Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística. Arredor de cen especialistas relacionados coa lingua participaron nestas xornadas na sede do Consello da Cultura Galega (CCG), para analizar o papel das institucións e dos actores sociais respecto á difusión do galego, tanto a nivel autonómico coma europeo. Ademais, os *Encontros* ofreceron unha visión do status do idioma desde o ámbito local, autonómico e europeo, coa participación de técnicos e lingüísticos vinculados á difusión, como o concelleiro compostelán Manuel Portas, os responsables dos gabinetes das deputacións ou o experto catalán Miquel Strubell.

Desde finais do 1998, o Informe de Política Lingüística e Normalización (IPLN), enmarcado na Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, estudia a situación do idioma en ámbitos coma o ensino, a empresa, a administración ou a propia aprendizaxe. Os primeiros relatorios das xornadas presentaron as conclusións deste traballo, nas que se alerta do incumprimento da Lei na educación primaria e secundaria, aínda que se destaca o papel dos centros públicos como "aríetes da normalización", nos que o 25,5% dos alumnos falan só galego, adoptando a lingua coma un sinal de identidade e non porque non dominen o castelán. Polo que respecta ó profesorado, Xan Bouzada indicou no seu relatorio que adopta a lingua vehicular dos alumnos, de xeito que nos colexios públicos empregan só galego o 18% dos docentes, e nos privados fano o 4%. Bouzada fixo fincapé en que os profesores imparten clase en castelán aludindo a que ou ben esta é a lingua do alumno ou

ben cómpre ensinarlla ós que son galego-falantes. No Informe inclúese ademais unha enquisa cuberta polos equipos directivos dos 201 centros observados, na que os docentes denuncian a existencia de valoracións negativas sobre o prestixio do galego e demandan un maior apoio por parte da administracións en aspectos coma a edición de máis material didáctico.

V ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

E aínda que nos últimos anos xa se publicaron uns 1.000 títulos relacionados coa aprendizaxe da lingua, debemos ter en conta que a maior porcentaxe de libros de texto e manuais van destinados ó ensino primario, e só ó 12% corresponde ó mate-

rial para a educación de adultos. Esta porcentaxe debe crecer tanto en cantidade coma en variedade de contidos posto que, segundo indicou Rosario Pérez, os materiais do ensino non regrado aínda están moi orientados á gramática en lugar de ofrecer unha maior aprendizaxe do uso oral e social da lingua. Aínda que a Dirección Xeral de Política Lingüística diseña os seus cursos seguindo a pauta dos que publicaron asociacións coma *O Facho* ou *O Galo* desde os anos 60 en diversos xornais, cómpre que esta entidade incremente e regule as actividades relacionadas coa aprendizaxe do idioma.

A difusión do galego e doutras linguas minoritarias non tivo nin neste Ano Europeo das Linguas o pulo que precisa. O sociolingüista catalán Miquel Strubell abriu a segunda xornada dos *Encontros* cunha análise da lexislación europea respecto á diversidade lingüística da Unión desde o Tratado de Roma ata o momento actual, no que está a punto de ser publicado un informe encargado polo Parlamento Europeo sobre as minorías lingüísticas dos Estados que están a negociar o seu ingreso na UE, e do que Strubell forma parte. O profesor na Universitat Oberta de Catalunya criticou a existencia de "linguas de primeira e linguas de segunda", posto que no 2001 se concederon axudas para fomentar linguas xa consolidadas coma o inglés ou o alemán, pero non para outros idiomas que nin sequera se inclúen entre os once oficiais da Unión Europea. Sen embargo, Strubell mostrou a súa confianza en que a ampliación cara ó leste e a migración interna e externa provoquen "unha maior sensibilidade das maiorías lingüística cara ás comunidades con linguas rexionais".

A participación da técnicos/as tamén tivo un lugar nesta edición, tal e como viña acontecendo ante-

riormente nos *Encontros*. Este ano foron os técnicos dos gabinetes das catro deputacións provinciais os que fixeron unha reflexión sobre o traballo que desenvolven, que se nun principio se centraba nas tarefas de tradución de documentos oficiais, na actualidade é máis ben unha tarefa de asesoramento lingüístico e de organización de actividades coma cursos e congresos sobre a lingua. Este cambio débese a unha progresiva competencia do persoal administrativo para redactar en galego e para empregar a lingua no ámbito de traballo.

Xa na última sesión das xornadas celebradas no CCG, o concelleiro de Normalización Lingüística do concello de Santiago, Manuel Portas, e a técnica deste departamento, Socorro García, expuxeron as liñas do Consello Municipal de Normalización Lingüística, un proxecto que desde comezos do 2001 diseña diversas actividades para difundir e consolidar a lingua en tódolos niveis sociais e empresariais. O primeiro paso é a celebración de reunións periódicas destes actores sociais para deseñar actuacións concretas para a mocidade, a cultura ou a administración. Este modelo foi presentado no transcurso do II Congreso sobre Planificación Lingüística, celebrado en Andorra a mediados de novembro.

Unha mesa redonda sobre a relación entre o idioma e as novas tecnoloxías pechou a quinta edición dos *Encontros*. Nela, Lilita Martínez presentou o traductor automático español-galego Es-Ga, que permite unha tradución á nosa lingua empregando os xiros lingüísticos axeitados. Pola súa banda, Xosé María Gómez Clemente presentou os obxectivos da Comisión Técnica de Linguaxes de Especialidade, creada no CCG e que pretende dotar ó galego dun carácter de lingua científica.

ACTIVIDADES DA MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xa van alá mais de quince anos do nacemento da Mesa pola Normalización Lingüística e o espírito de recuperación social da lingua co que naceu segue en pé, mesmo actualizándose cada día debido á inexistencia dunha política lingüística por parte dos cargos que gobernaron e gobernan este país. Se o papel reivindicador é unha constante no traballo diario desta organización: demanda do cumprimento do Decreto 247/95 no ensino, denuncia constantes ante empresas públicas e privadas que non cumpren a lexislación en materia lingüística (Fenosa, Telefónica...), non podemos esquecer o papel de dinamización que está a desenvolver en diferentes concellos do país; desta volta, en colaboración con Vigo, Lugo, Ferrol, O Barco de Valdeorras, O Grove, O Rosal, Carral, Santiago de Compostela, Carballiño e Ordes levou a cabo a segunda edición da campaña para o comercio "Cos meus mellores desexos" ofertando materiais mellorados en relación á primeira edición, logo da análise e avaliación cos principais axentes implicados nela. Tamén é de salientar o Estudio Sociolingüístico do comercio en Vigo feito por encargo do SNL do Con-

cello, servizo e concello (neste caso tamén desde o departamento de Educación) co que tamén colaborou no desenvolvemento da Xornada sobre o galego na infancia en colaboración co Colectivo de Nais e Pais polo Ensino en Galego de onde saíu un Comunicado conxunto de todos os axentes implicados no que reclaman o cumprimento daquilo que por lei pertence aos nosos fillos e fillas. Co concello de Lugo tamén levou a cabo a segunda fase da campaña xeral de reivindicación da lingua "A lingua galega, milenaria, patrimonio da humanidade, chea de futuro" que permitiu achegar a asociacións, centros de ensino, ... á sociedade, un material visual no que podemos asociar o recoñecemento da Muralla de Lugo como patrimonio da humanidade co maior patrimonio que posúe o noso pobo. Participou nas Noites Abertas 2002 do concello de Pontevedra, unha alternativa de ocio en galego; no consello de lingua de Ferrol e Santiago de Compostela...

... mais iso si, como di o último lema da súa campaña, nesta asociación e na procura dos seus obxectivos "TI TAMÉN FAS FALTA".

